


Catálogo Nacional Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	CEE
Inmueble	Igrexa de Santa Baia de Brens
Dirección	A Grixa, s/n. 15298
Coordenadas	42.950654012414894 -9.172900825565216
	
Descripción	<p>Situada na marxe esquerda da ría de Corcubión, a Igrexa de Santa “Eulalia” de Brens consta dunha capela maior rectangular e un corpo basilical dividido en tres naves, froito dunha ampliación sufrida no ano 1956. A nave central, orixinal, é máis ancha cas laterais. A sancristía está apegada á capela maior polo seu lado norte e comunica directamente coa sancristía. A capela maior cóbrese con bóveda de canón de cantería. Ós pés da igrexa aparece un coro alto ó que se accede por unha escaleira que discorre polo interior da torre. Chama a atención a presenza dun ciborio moderno sobre o cruceiro con forma de torre e rematado por un tellado a catro augas. As naves laterais divídense en tres tramos e cóbrense con bóvedas de formigón recentes. O exterior da capela maior é de perpiaños ben labrados en perfecta estereotomía e cóbrese cun tellado a dúas augas. A fachada principal seguía un esquema pentagonal, hoxe un tanto desvirtuado pola ampliación do templo. A torre de campás está apegada ó muro sur sendo de planta cadrada. Ten dous corpos: o inferior formado por catro arcos de medio punto sobre piares e o superior, coroado cunha lanterna rematada por un pináculo e adornada con outras máis pequenas de estilo barroco.</p> <p>No interior destaca o retablo maior que se divide como é habitual en predela, corpo central e ático. Este retablo vincúlase pola súa decoración cos artistas composteláns Casas e Novoa e Simón Rodríguez. Así, apreciamos elementos decorativos típicos dos mestres citados, como orelleiras, estípites, froitas carnosa, placas... A fornela do pano central do corpo principal está presidida pola imaxe de Santa Eulalia con coroa de prata, palma de martirio e libro. É unha fermosa escultura barroca de excelente talla, con dobras moi delicadas.</p>
Campanas y esquilas	2 cmpás.
Toques actuales	
Conservación	
Protección	

Propuestas	
Autores del registro	BERNAL TORTOSA, Vicente Jesús / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Fecha del registro	13-12-2021

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Torre-campanario	Campá menor (1)	LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)	1906	65	159
Torre-campanario	Campá maior (2)	LISTE VILLANUEVA, JOSÉ (PARROQUIA DE ORAZO)	1906	81	308

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Brens - CEE \(GALICIA\)](#)